

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua estranxeira II: Francés	2º Bac.	3	87

Réxime
Réxime de adultos

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

Segundo regula o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia 1ª Lingua estranxeira - Francés en 2º BAC no centro educativo IES Armando Cotarelo Valledor.

A materia Primeira Lingua Estranxeira: Francés impártese en 2º Bac cunha carga semanal de 3 sesións de 45 minutos respectivamente.

Ao acceder ao 2º curso do bacharelato, o alumnado ten desenvolvidas a competencia en comunicación lingüística e a competencia plurilingüe grazas ás experiencias de aprendizaxe nas linguas ambientais e en dúas linguas estranxeiras, que o puxeron en relación con culturas e modos de interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Na etapa previa, educación secundaria obrigatoria, adquiriu e desenvolveu un repertorio plural de recursos lingüísticos e culturais, consciencia de metalinguaxe para describir os sistemas lingüísticos das linguas, coñecementos discursivos, e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación. Así, nesta nova etapa educativa o alumnado posúe xa unha madurez lingüística e social que lle ha permitir ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural e utilizar conscientemente todo o repertorio de recursos lingüísticos e culturais que posúe, para enfrontarse con maior dominio ás actividades lingüísticas de produción, comprensión, interacción e mediación nesta segunda lingua estranxeira, á vez que fai evolucionar tal repertorio.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguas (en plural) é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.

A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

No marco do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Departamento de Francés propón como obxectivo específico a preparación do alumnado para a obtención da certificación do DELF escolar (Diplôme d'Études en Langue Française) de forma integrada na programación, desenvolvendo as estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación.

Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 1º de bacharelato.

Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do IES Armando Cotarelo Valledor.

Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para intentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.

A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinariedade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datas relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómic, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-2-3	40			32
OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	31	3	1-3	
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31	1-4		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais	5	3			31	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vive la nature!	Parler des paysages et des végétaux. Les catégories d'animaux. Les points cardinaux. Les continents. Parler des catastrophes environnementales et de l'écocitoyenneté. Parler des espèces menacées et des conséquences du réchauffement climatique. Décrire un animal. Exprimer la pur. Mettre en garde. Rassurer et encourager. Le pronoms en et y. Les déterminants et pronoms indéfinis. Les pronoms démonstratifs neutres. Les verbes battre, rompre et vivre.	10	15	X		
2	Courage!	Parler des relations et des sentiments. Décrire une personne, ses qualités physiques et morales. Donner des explications. Raconter une expérience d'apprentissage. Exprimer la joie et la tristesse. Exprimer la déception, le regret et le reproche. Inviter quelque'un à se confier.	18	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Courage!	Les temps composés. La phrase interrogative et exclamative. L'hypothèse et la condition(1). Les verbes plaire et rire.	18	14	X		
3	L'actu	Parler des medias: télévision, radio, presse et informatique. Exprimer l'obligation, la permission, la certitude, l'interdiction, la possibilité et le doute. Exprimer son opinion. Interagir. L'emploi du subjonctif et de l'indicatif. Les verbes croire et (con)vaincre.	18	17		X	
4	Initiatives: banlieue !	Parler de la solidarité, les migrations, la banlieue et les médias. Le bénévolat et la vie associative. Exprimer l'indignation et la colère. S'excuser, rejeter la responsabilité, accepter / refuser des excuses. Articuler son discours: les connecteurs. Le discours indirect. Les doubles pronoms. Le pluriel des noms composés. Les verbes valoir, conclure et suffire.	18	17		X	
5	Citoyens et justice	Parler des institutions, des élections et de la justice. Formuler un souhait ou une intention. Justifier ses choix, ses opinions. Promettre. Écrire une lettre formelle. L'interrogation indirecte. La cause et la conséquence.	18	12			X
6	École et travail	Parler de résultats scolaires et d'orientation professionnelle. La scolarité en France. Parler des parcours de vie et des jobs étudiants. Les « petits boulots ». Parler des offres d'emploi et de la candidature. Répondre à une offre d'emploi. Le CV et la lettre de motivation. Les qualités professionnelles. Le but. L'hypothèse et la condition (2). Les prépositions. La mise en relief. Le passif. Le gérondif.	18	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vive la nature!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer cando menos o 50% do sentido global e da información relevante e previsible.	PE	56
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente e con suficiente fluidez		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Selecciona cando menos o 50% do sentido global.	TI	44

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas á estes padróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o

Contidos

- repertorio lingüístico persoal.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
2	Courage!	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido	PE	56
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística		
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos	TI	44
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas á estes padróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	L'actu	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións	PE	56
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados		
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados	TI	44

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.2 - Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.

Contidos

- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Initiatives: banlieue !	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos	PE	56
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora		
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos	TI	44
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con

Contidos

- falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	Citoyens et justice	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais	PE	56
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora		
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar e valorar de maneira crítica o contido	TI	44
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas á estes padróns. Alfabeto fonético básico. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. - A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	École et travail	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos	PE	56
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística		
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais	TI	44
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos

- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de primeira lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progresa cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Interdisciplinariedade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas. - Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).
- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicarase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, incluíranse no plan lector do centro.
- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.
- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición,

contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.

- No marco dun proxecto de intercambio en liña/presencial cun centro educativo estranxeiro, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire), ou outras, resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade. Polo momento non contamos con este recurso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Probas tipo DELF e outras certificacións

Para a clase: - Partage B1 Editorial Sanillana

- Caderno de exercicios e Livret en versión interactiva.

- Videoblogs.

- Actividades e xogos interactivos, páxina web do método.

- App de conxugación.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requirimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e coa docente.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.
- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación. Para o alumnado, de forma individual:
- Libro do alumno e caderno de exercicios en versión interactiva.
- App de conxugación, para traballar os verbos de forma divertida.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- Adicarase á avaliación inicial as tres primeiras sesións do curso.
- Proporase un modelo de rúbrica de autoavaliación podendo constatar os progresos realizados.
- Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.
- Proporase algunha proba, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando aquelas destrezas nas que o nivel é máis alto e, polo tanto, a distancia a salvar menor).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	18	18	18	18	18	100
Proba escrita	56	56	56	56	56	56	56
Táboa de indicadores	44	44	44	44	44	44	44

Criterios de cualificación:

-No Bacharelato as cualificacións obteranse tras a realización das probas que avaliarán as 5 competencias ou bloques: comprensión e produción orais así como a comprensión e produción escritas e a mediación. En cada trimestre realizarase 2 probas (1 proba por unidade didáctica), intentando darlle, sempre e cando sexa posible, os seguintes valores:

CE (Comprensión escrita) = 14%

CO (Comprensión oral) = 14%

EE (Expresión escrita) = 14%

EO (Expresión oral) = 14%

Contidos (Gramática e Vocabulario) = 14%

Polo tanto, nas distintas probas o alumnado acadará un 70% da nota (farase a media das dúas probas).

- A este 70% obtido das probas sumaráse o 10% da nota acada da tarefa deseñada por unidade didáctica. Como mínimo, haberá unha tarefa por unidade didáctica.

- A este 80% da nota sumaráse o 20 % que terá en conta a actitude do alumnado en clase, o seu traballo diario, a realización das tarefas e acudir a clase co material, así como o seu nivel de participación e o seu esforzo por empregar o francés nas súas intervencións. A observación por parte do profesorado será un instrumento esencial nesta última parte. Esquema: 70% (probas)+10% (tarefa proposta da UD)+ 20%(traballo clase)=100% nota da avaliación

- A nota de cada avaliación redondearase ao número enteiro superior a partir de 0,5. Dito redondeo realizarase sempre e cando se cumpran as seguintes premisas:

O alumno/a non deixou ningunha proba por destrezas en branco.

O alumno/a entregou todas as dúas tarefas por trimestre encomendadas.

O alumno/a entregou todas as actividades realizadas en aula ou encomendadas para a casa.

- Só se repetirá o exame / actividade para recoller ao alumnado que falte o día marcado previamente, se a ausencia é por motivos de saúde e vén apoiada por un xustificante médico.

-A nota da 1ª avaliación contará o 30%, a da 2ª o 30% e a da 3ª o 40% da nota final. Para a realización desta operación matemática empregaranse as notas exactas con decimais de cada avaliación. A nota final deste cómputo redondearase ao número enteiro superior a partir de 0,5. Exemplo: 1ª avaliación (6,7 x 20%)+ 2ª avaliación (7,2 x 30%)+ 3ª avaliación (5,8 x 50%)=6,4 (Nota final redondeada 6) - Para aprobar a materia, o alumnado terá que acadar unha nota final mínima de 5.

Criterios de recuperación:

Se ao alumnado suspende a terceira avaliación, pero o cómputo do curso (30%+30%+40%) é superior á nota mínima de 5, este terá o curso aprobado. No caso contrario, o alumnado deberá presentarse á avaliación extraordinaria.

Avaliación extraordinaria

-O alumnado que non aprobe a materia na avaliación ordinaria, deberá presentarse a unha proba escrita na avaliación extraordinaria onde pode ser avaliado de calquera contido mínimo impartido durante o curso escolar.

Dita proba escrita constará das seguintes partes:

CE (Comprensión escrita) = 15%

CO (Comprensión oral) = 15%

EE (Expresión escrita) = 15%

Contidos (Gramática e Vocabulario) = 55%

-Para aprobar o exame, e deste xeito o curso, o alumnado deberá acadar unha nota mínima de 5.

-A nota final da proba redondearase ao número enteiro superior a partir de 0,5. Dito redondeo realizarase sempre e cando se cumpran as seguintes premisas:

O alumno/a non deixou ningunha proba por destrezas en branco.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado tutor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

a) A colaboración co profesorado tutor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado tutor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado tutor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan. Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso. Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado tutor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias. As familias serán informadas deste plan, podendo acreditálo. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo. É probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.). - Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente. - Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc. - Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital. - Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais. Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. - A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado. - Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.) - Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo. - Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente. - De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet). - De ser preciso, ofreceráselle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado. - Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais. Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgúns áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

-Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte. - Na medida do posible, integranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Propóráselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo. Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfase curricular. É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e

reducir as distancias co grupo de referencia.

- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a convivencia.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde.	X			X		X
ET.3 - Educación para a paz	X		X	X		X
ET.4 - Educación non sexista		X		X	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación vial		X	X			X
ET.7 - Educación para Europa				X	X	
ET.8 - Educación multicultural		X				X
ET.9 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro en francés	Se hai oferta, acudírase ver algunha obra teatral en francés ou película en VOS	X	X	X
Journée internationale du professeur	Enerxías renovables. Soupe de letres, mots cachés...	X	X	X
Terreur en clase	Co galo do Samaín, lévanse a cabo actividade na clase con temática de medo en francés.	X	X	X
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira. X	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados de avaliación. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas e proxectos a partir dos elementos do currículo. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final e avaliación extraordinaria. Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Metodoloxía empregada
Adecuación dos materiais didácticos utilizados. Adecuación do libro de texto.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. Adecuación da secuencia de traballo na aula. Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia. Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas: - o material proporcionado (en todos os soportes). - a práctica docente. - os instrumentos de avaliación. - os tempos asignados para facelos. - os tempos de corrección. - o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é

preciso recoller información sobre: - percepción da súa progresión. - tempo adicado á aprendizaxe da materia. - estratexias empregadas na aprendizaxe da materia. Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
 - b) Mellorar a formación docente.
 - c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
 - d) Crear unha cultura autoavaliadora.
- c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento. Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:
1. Unha avaliación de progreso: a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
 - b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.
 2. Unha avaliación final: a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
 - b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.
 - d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa: - Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento. - Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas. - Os factores que influíron nas dificultades.
 - Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
 - As propostas de innovación necesarias.
 - Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
 - As medidas de atención á diversidade utilizadas.
 - Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
- b) Resultados obtidos ao longo do curso e por trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados